

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO 1996

Este terceiro ano de andadura da FUNDACION NOVAS estivo marcado polas xestións encamiñadas a manter as becas e axudas para os dous alumnos becados comprindo así cos fins fundacionais recollidos nos Estatutos. Nun segundo nivel de actuación, os membros do Padroado, que non sufríu ningunha variación neste ano, decidiron relanzar as xestións encamiñadas a lograr a venda da casa do Fundador e, neste senso, a finais do mes de agosto conseguíu levar a efecto esta venda.

Unha vez apalabrada a venda da casa coñecida como caserío de Vilar, o Padroado ven de facer xestións co fin de que por parte do Protectorado de Fundacións de Interés Galego da Xunta de Galicia se procedese a dar o oportuno e legal permiso para realizar a venda, permiso que foi confirmado no pasado mes de setembro. Con esta venda, a FUNDACION NOVAS xa pode dispor no vindeiro ano dun presuposto e dos fondos necesarios para levar adiante os fins recollidos nos seus Estatutos, xa que ata o de agora viña desenvolvendo o seu labor cos fondos aportados en metálico polo seu Fundador. No mes de setembro o Protectorado das Fundacións de Interés Galego concede o permiso oportuno de venda do caserío de Vilar. O Padroado decide invertir caseque a maior parte deses cartos nun fondo de inversións no Banco Español de Crédito, co fin de que as rendas procedentes deste fondo se destinen aos fins recollidos nos Estatutos da Fundación. O resto dos cartos mantéñense na conta da Fundación neste banco para facer fronte aos gastos de xestión da entidade.

Nunca reunión do Padroado, no mes de agosto, tomouse o acordo de manter as axudas económicas aos dous becados – Fátima Entenza Martínez e Juan José García de la Torre-, aumentando o importe destas axudas ate as 125.000 pesetas para cada un deles. Tamén se decidiu non conceder novas becas dada a situación económica que sigue a ser precaria, namentras non se poda dispor das rendas procedentes da explotación financeira dos cartos obtidos pola venda do caserío de Vilar.

Por outra banda, e por decisión do Padroado, a proposta do Fundador, decidíuse donar dous tapices da súa propiedade, que había na casa de Vilar, ao Concello de Bueu, co fin de que os coloquen nas instalacións da Casa do Pobo de Beluso, que está a ser remodelada nestas datas. Estes dous tapices van engadirse ao lote de libros que no seu día donar o Fundador a Biblioteca da Casa

do Pobo de Beluso, e que están guardados na Casa da Cultura de Bueu a espera da inauguración do local de Beluso.

Ao longo deste ano non poideron fructificar as xestións encamiñadas a vender o apartamento ubicado na urbanización Nueva Andalucía en Marbella, provincia de Málaga. Ninguna oferta acadou a cantidade desexada. O apartamento segue en réximen de aluguer por temporada, pero os ingresos obtidos por esta actividade non cubren os gastos de comunidade, excesivamente elevados, polo que siguen a producirse perdas.

Nesta memoria de actividades sociais da FUNDACION NOVAS cumpre indicar que neste ano se mantiveron reunións co alcalde e concellais de Bueu sobre o expediente de nomeamento do sr. Novas Regueira como "Fillo Predilecto" de Bueu. O concelleiro de Cultura de Bueu ten caseque rematado o expediente e por parte da Fundación se enviou unha memoria das actividades desenvolvidas pola nosa institución co fin de incluila no expediente.

Nunca reunión do Padroado, que tivo lugar no mes de decembro, o presidente da Fundación, D. Jesús Portela Medraño, informou aos demais membros do Padroado de todas as xestións que culminaron coa venda do caserío e as xestións e proxectos que van a desenvolverse no vindeiro ano 1997, unha vez que se poida ter pechado o presuposto económico para ese exercicio contando coas rendas do fondo da Fundación.

Beluso, 30 de xuño de 1997
D. Jesús Portela Medraño
Presidente do Padroado.